

## **VI. ANUNCIOS**

---

Número do Dog: **77**

Páxina do Dog: **7.798**

Data da Disposición:

Sección: **VI. ANUNCIOS. DA ADMINISTRACIÓN LOCAL**

Organismo: **CONCELLO DE PONTEAREAS**

Rango: **Anuncio**

Título: **Anuncio de licitación.**

*Anuncio de licitación.*

A Corporación Municipal, en sesión do 5-3-2009, acordou aprobar o expediente de contratación de dispor a apertura do procedemento de adjudicación do contrato de concesión de obra pública para a construción e posterior explotación dun aparcadoiro subterráneo no subsolo da praza Bugallal e rúas anexas.

Entidade adjudicadora: Pleno da Corporación Municipal de Ponteareas.

Obxecto do contrato e tipo de licitación: tipo de contrato: concesión de obra pública: descrición: construción e explotación dun aparcadoiro subterráneo no subsolo da praza de Bugallal e rúas anexas; valor estimado: 4.608.000 €, IVE excluído; prazo de execución das obras: 17 meses; prazo de duración da concesión: 40 anos.

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios de valoración.

Tramitación: ordinaria.

Clasificación empresarial: deberase acreditar nos termos da cláusula 16 do prego: grupo A, subgrupo 1, categoría f; grupo C, subgrupo 2, categoría f.

Solvencia económico-financieira: deberase acreditar por un ou varios dos medios seguintes nos termos exixidos na cláusula 15 do prego: declaración apropiada de entidade financeira; xustificante de que conta cun seguro de riscos profesionais; as contas anuais presentadas no rexistro mercantil ou rexistro oficial que corresponda; declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ao obxecto do contrato.

Solvencia técnica-profesional para a explotación e xestión do aparcadoiro: deberase acreditar por un ou varios dos medios seguintes nos termos exixidas na cláusula 16 do prego: relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos; indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas participantes no contrato; declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos; declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico de que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións.

Garantía provisional: 1% do orzamento do contrato, IVE excluído, nos termos exixidos no prego.

Prazo e lugar de presentación de proposicións: o prazo para a presentación de proposicións é de vinte e seis (26) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, DOG, xornal ou perfil do contratante, segundo cal sexa posterior.

As proposicións presentaranse no rexistro xeral do Concello de Pontearreas, das 9.00 ás 13.00 horas, ou en calquera das formas permitidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Forma presentación proposicións: en dous sobres (A e B), nos termos sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares.

Apertura de ofertas.

-A mesa de contratación cualificará previamente a documentación presentada no sobre A, en acto non público que terá lugar na casa do concello o terceiro día hábil seguinte ao do último día de presentación de plicas, no suposto de que non se comunique a remisión de proposicións por correo.

-A continuación, o terceiro día hábil seguinte ao de terminación do prazo de presentación de proposicións, no suposto de que non se outorgue prazo de emenda e que non se comunique a remisión de proposicións por correo, a mesa procederá ao acto de apertura e exame das proposicións-sobre B.

Criterios de adjudicación do contrato: os sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares.

Información: o prego de cláusulas administrativas e outra documentación ou información precisa poderanos obter os interesados no departamento de Secretaría do concello. Tamén se poderá obter información e acceder aos pregos a través do perfil do contratante do Concello de Pontareas, na páxina web <http://www.pontareas.es>.

Enderezo do concello: Xardíns da Xiralda, s/n, Pontareas, CP 36860.

Teléfono: 986 64 00 00.

Pontareas, 17 de marzo de 2009.

Salvador González Solla  
Alcalde